

PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO 2024-2025

Regulado polo Decreto 13/2022, do 3 de febrero (DOG 11/02/22) e desenvolvido pola Orde do 21 de outubro de 2022.

- Publicación dos postos escolares vacantes antes do día 1 de marzo
- Presentación das solicitudes do proceso ordinario de admisión: **do 1 ao 20 de marzo de 2024**, ambos incluídos.

A *solicitud* poderá presentarse:

- ✓ de forma presencial no centro unha vez cuberto o modelo oficial que se publica como ANEXO II da Orde do 21 de outubro de 2022 (DOG do 8/11/22)
- ✓ directamente a través da aplicación “admisionalumnado”
- ✓ directamente na sede electrónica da Xunta co código ED550B

Só poderá **presentarse unha ÚNICA SOLICITUDE** no centro elixido como primeira opción.

- **Criterios do baremo:** nos centros con máis demanda que oferta de postos escolares deberá presentarse, de forma presencial, a documentación acreditativa dos criterios do baremo nun prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao remate do prazo para presentar as solicitudes.
- Criterios de desempate (art. 34): resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos criterios de baremo seguindo a orde de prelación do artigo 13 (*ver ao dorso*).

Se persiste o empate, resolverase tendo en conta o resultado dun sorteo público.

- Publicación das **listaxes PROVISIONAIS de admitidos e non admitidos**: **antes do 25 de abril**.
- *Reclamacións no prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte da súa publicación.*
- Publicación das **listaxes DEFINITIVAS**: **antes do 15 de maio**.
- **Prazos de formalización de matrícula:**
 - a) Do 20 de xuño ao 1 de xullo para Infantil e Primaria.
 - b) Do 24 de xuño ao 8 de xullo para Secundaria.

Se finalizado o prazo de matrícula non se tivese formalizado ésta, perderase o dereito á praza obtida.

NOTA INFORMATIVA: O alumnado matriculado nun Centro que presente solicitude noutro, deberá remitir copia da solicitude de admisión presentada ao centro de orixe. Perderá o dereito de permanencia se resulta admitido no novo centro.

CRITERIOS XERAIS PARA A ADMISIÓN DO ALUMNADO. Artigo 13

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Irmáns/ás no centro (<i>máximo 14 puntos</i>)	Primeiro irmán: 8 puntos
	Segundo e seguintes: 2 puntos cada un
Persoa proxenitora, titora ou acollidora traballadora do propio centro docente	3 puntos , con independencia de que traballen ambas.
Proximidade do domicilio familiar (<i>no caso de separación ou divorcio das persoas proxenitoras, se teñen atribuída a custodia compartida, considerase domicilio familiar no que figura o alumno/a</i>).	Na área de influencia: 8 puntos
	En áreas limítrofes: 4 puntos
Proximidade do lugar de traballo do pai/nai/titor	Na área de influencia: 6 puntos
	En áreas limítrofes: 3 puntos
Renda anual per cápita da unidade familiar IPREM do 2022: 6.948,24 € (excluídas pagas extraordinarias) Suma das casañas 435 y 460 do IRPF ano 2022	Inferiores a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos
	Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos
	Igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM: 1 punto
	Igual ou superior ao IPREM: 0 puntos
Discapacidade igual o superior ao 33%	Do alumno/a: 4 puntos
	Dun pai, nai, titor: 3 puntos
	Irmán ou irmá: 1 punto cada un deles
Pertenza a familia numerosa	Categoría Xeral: 2 puntos
	Categoría Especial: 3 puntos
No caso de irmáns nados dun parto múltiple, sempre que solicitan o mesmo centro.	8 puntos se son dous
	10 puntos se son máis de dous
Condición de familia monoparental	2 puntos
Discapacidade igual o superior ao 33%	Do alumno/a: 4 puntos
	Das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras, ou o novo cónxuge ou perso unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora: 3 puntos
	Irmán ou irmá: 1 punto cada un deles .
Condición de vítima de violencia de xénero de calquera dos membros computables da unidade familiar.	2 puntos
Condición de vítima de terrorismo de calquera dos membros computables da unidade familiar.	2 puntos
Criterio complementario do Centro: - Ser fillo/a de exalumno/a do Centro Franciscanos-Coruña que realizara estudos oficiais no plan que lle correspondeu según idade. É preciso acreditar a súa escolaridade no Centro.	1 punto

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE COA SOLICITUDE DE ADMISIÓN (art. 31):

- a) Anexo I-bis (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e de consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora)
- b) Documentación acreditativa da representación.
- c) Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar (*orixinal e fotocopia*).
- d) Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, de ser o caso., onde conste a custodia do menor.

[Impreso de solicitud ED550B](#)